

O ámbito naval e marítimo-pesqueiro desde a perspectiva da Seguridade Social. Aproximación xeral

*The Naval and Maritime-Fishing Area from
the Perspective of Social Security. General Approach*



LARA-MARÍA MUNÍN-SÁNCHEZ

Universidade da Coruña, Departamento de Dereito Público Especial,
Escola Universitaria de Relacións Laborais, 15008 A Coruña, España

Recibido: 30/06/2016

Aceptado: 28/07/2016

Resumo

O naval e marítimo-pesqueiro é un dos ámbitos económicos máis importantes, en particular en Galicia, onde, dadas as dimensións deste sector, un bo número de traballadores desenvolve a súa actividade. En moitos aspectos, no devandito ámbito rexe a aplicación de regras especiais fronte ás comúns do dereito laboral e da Seguridade Social, que comunmente son obxecto de estudo específico en diversos manuais doutriniais e mesmo plans de estudo. Neste artigo preténdese ofrecer unha visión xeral do sector desde o punto de vista xurídico para facilitar unha aproximación –en grandes liñas– a esta materia desde a perspectiva da Seguridade Social.

Palabras chave: dereito marítimo, prestacións, traballadores do mar, Seguridade Social.

Abstract

The naval and the maritime-fishing sectors are some of the most important ones, particularly in Galicia, where a great number of workers carry out their activities due to the size of the sector. This sector is regulated by many specific rules that differ in many aspects from common labour law and Social Security norms. Those rules are frequently subject to specific study in many doctrinal manuals and even universities study plans. This article seeks to provide a general overview of the sector from a legal point of view in order to facilitate a broad approach to this matter under the perspective of Social Security.

Keywords: Maritime Law, Benefits, Seaworkers, Social Security.

I. Visión sobre o ámbito naval e marítimo-pesqueiro

1. É un dato innegable que a nosa comunidade autónoma está tradicionalmente vinculada ao mar. O sector marítimo –no máis amplo sentido do termo– foi e seguirá a ser un dos piares fundamentais da economía galega. Como ben se resalta na exposición de motivos da Lei 5/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia¹:

O sector marítimo está constituído polas compañías navieiras que prestan servizos de transporte marítimo, polos armadores de pesca e polas súas industrias de procesamento e manipulación de peixe, pola industria da construción, transformación e reparación naval de barcos e unidades *offshore*, polos equipos e servizos portuarios, pola industria da construción de embarcacións deportivas, de lecer e de competición e pola industria auxiliar dedicada á fabricación de bens de equipo, compoñentes, conxuntos e servizos demandados polas compañías navieiras, armadores de pesca, estaleiros, portos, cultivos e explotacións pesqueiras e polas empresas de acuicultura. É un sector fundamental que determinou historicamente a evolución da economía galega. Foi a orixe dos focos máis importantes da súa actividade industrial, e segue a ser determinante para o mantemento das poboacións costeiras e para o desenvolvemento das áreas urbanas máis importantes e desenvolvidas do país.

Por esta mesma razón e dadas as dimensións deste sector², un bo número de traballadores da nosa comunidade³ desenvolve a súa actividade neste ámbito, que como é sabido comporta en moitos aspectos a aplicación de regras especiais fronte ás comúns do dereito laboral e da Seguridade Social. As devanditas regras especiais comunmente son obxecto de estudo específico en moitos manuais doutriniais e incluso plans de estudo, baixo a denominación de «dereito marítimo laboral», «relacións laborais no ámbito naval e marítimo-pesqueiro»⁴, «réxime especial dos traballadores mar» ou ter-

¹ Publicada no DOG n.º 126, do 5 de xullo de 2010, e tamén no BOE n.º 174, do 19 de xullo de 2010.

² Tales dimensións reflíctense nas estatísticas elaboradas polo Instituto Galego de Estatística (<http://www.ige.eu>). Así, pode comprobarse, por exemplo, que en 2014 a pesca total nos portos de Galicia ascendeu a 240 806 toneladas, mentres que o total de España foi de 460 511 toneladas. Noutras palabras, a pesca galega supuxo o 52,23% do total de capturas de todo o sector en España neste ano.

³ Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (<http://www.ige.eu>) dedícanse a este sector 181 000 persoas, sen incluír o naval.

⁴ Como simple mostra pode citarse a denominación que recibe unha das materias do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña, prevista como optativa para o alumnado de terceiro-cuarto curso: Relacións Laborais no Ámbito Naval e Marítimo-Pesqueiro. A guía docente desta materia está dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/YVF7af>>.

mos similares, comprensivos tamén en moitos casos do réxime especial da Seguridade Social⁵ tan necesariamente conectado a aquel na dimensión real de calquera traballador e que encontra a súa xustificación –como logo se verá– nas peculiares características do traballo no mar.

2. O principal escollo para a conformación ou descrición desta materia ou deste réxime xurídico (aínda que non o é en sentido propio) é a delimitación do seu ámbito, que obrigatoriamente cómpre efectuar dunha maneira un tanto xenérica e partindo da consideración de que moitas das súas regras particulares non son extensibles de forma necesaria a todo o colectivo de traballadores do sector. Por exemplo, os traballadores do sector naval ou, máis precisamente, da construción naval quedan fóra da aplicación de moitas destas particularidades (tanto laborais en sentido estrito como da Seguridade Social⁶), mentres hai outros que se ven afectados polas singularidades do réxime especial da Seguridade Social, mais non polas estritamente laborais e á inversa.

Neste ámbito podería recollerse o exemplo das persoas traballadoras que desenvolven actividades de carácter administrativo, técnico e subalterno en empresas marítimo-pesqueiras, cando as súas tarefas teñan lugar de xeito exclusivo no ámbito portuario e con independencia do carácter estatal ou autonómico do porto, que si estarán incluídas no réxime especial do mar, mais sendo administrativas, contables etc. dunha empresa marítima non terán maiores especialidades laborais que as que poida ofrecer o convenio colectivo. Ou, noutro caso, pénsese nas persoas que vaian incorporarse a un traballo no sector marítimo-pesqueiro para o que se esixa pasar un recoñecemento médico de embarque marítimo ou acreditar unha formación determinada, e aínda non o fixesen. De feito, convén lembrarmos que a relación de traballo no mar é considerada unha

⁵ Sobre este campo, pode consultarse máis amplamente VICENTE PALACIO, A. (2004) *El Régimen Especial de la Seguridade Social de los Trabajadores del Mar*. [s. l.], Aranzadi.

⁶ O réxime xurídico sería o común, isto é, o previsto polo Estatuto dos traballadores (Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro), coas salvidades ou matizacións que poidan introducir os convenios colectivos. Ademais, na nosa comunidade autónoma, debido á súa importancia, aprobouse a Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, que establece programas específicos de fomento do sector naval; e, entre outros moitos, poderían destacarse os seguintes convenios colectivos: o IV Convenio colectivo da empresa Navantia, SA, suscrito o 9 de setembro de 2014 e publicado no BOE n.º 272, do 10 de novembro de 2014; e o Convenio colectivo de traballo do sector da industria siderometalúrxica da provincia da Coruña para os anos 2013-2016, publicado no BOP da Coruña n.º 80, do 29 de abril de 2014.

relación laboral común⁷, dado que, a diferenza da Lei de relacións laborais de 1976, o Estatuto dos traballadores non considera contrato especial o de embarque, sobre o que garda, en todo caso, absoluto silencio. No entanto, é evidente que as condicións de traballo no mar impoñen esixencias propias en materia de seguridade e saúde, en suma, de preservación xeral da vida humana.

Nesta tarefa a doutrina adoita partir, como elemento delimitador, do traballo marítimo ou traballo no mar, aínda que tal criterio non pode xulgar-se do todo certo, pois moitas das súas regras alcanzan o persoal de terra, por exemplo, os estibadores⁸ ou os antes citados administrativos do porto que traballan para empresas marítimo-pesqueiras. Ademais, o campo de aplicación das referidas normas en materia da Seguridade Social é máis amplo que o das regras estritamente laborais.

II. As relacións laborais no ámbito naval e marítimo-pesqueiro desde a perspectiva da normativa da Seguridade Social

3. Para dar unha primeira visión descritiva deste sector normativo desde unha perspectiva xurídica ampla, hai que partir dunha idea tan xenérica como é a de que trata ou se ocupa das especialidades no ámbito laboral e social dos traballadores vinculados ao traballo do mar. Fronte ao réxime xeral da Seguridade Social refire as súas principais peculiaridades a Lei 47/2015, do 21 de outubro⁹, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro¹⁰, que veu superar finalmente, con algunhas modificacións ou actualizacións, de paso, a dispersión normativa do réxime até entón vixente¹¹.

⁷ Véxanse MERCADER UGUINA, J. R. (2006) «El Capitán y la dotación: el lugar de los trabajadores en el Proyecto de Ley General de Navegación Marítima» *Aranzadi Social* 17; e MAESTRE CASAS, P. (2012) «El contrato de trabajo de marinos a bordo de buques mercantes. A propósito de la STJUE de 15 diciembre 2011, Jan Voogsgeerd e Navimer SA, As. C-384/10» *Cuadernos de Derecho Transnacional* 4(2), pp. 322-341.

⁸ Sobre os estibadores pode consultarse CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2008) «A propósito de la afiliación de los estibadores portuarios a la Seguridad Social y la jurisdicción competente para enjuiciar esta cuestión en caso de pleito» *Aranzadi Social* 53.

⁹ Publicada no BOE n.º 253, do 22 de outubro de 2015.

¹⁰ Unha análise por enriba desta norma pode verse en PRESA GARCÍA-LÓPEZ, R. e PANIZO ROBLES, J. A. (2015) «Novedades de la Ley 47/2015, de 21 de octubre, reguladora de la protección social de las personas» *Aranzadi Social* 1.

¹¹ Cfr. CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (1999) *La seguridad social de los trabajadores del mar*. Madrid, Civitas, p. 45 e ss.

A propia norma xustifica no seu preámbulo as tradicionais particularidades deste sector en razóns vinculadas a unha serie de notas diferenciadoras tales como o espazo físico en que se leva a cabo a actividade, a dureza das condicións de vida a bordo, o prolongado illamento das tripulacións, o afastamento do fogar familiar, as elevadas taxas de morbilidade e sinistralidade etc., así como o carácter estacional do traballo e a existencia dunha retribución á parte, xunto a outras moitas entre as que se citan a extraterritorialidade do traballo marítimo, a dispersión do colectivo, a estacionalidade das campañas, o carácter hostil e imprevisible do medio onde se desenvolve a actividade etc., as cales, segundo se afirma expresamente, conforman un marco laboral en que, xunto ás prestacións da Seguridade Social, se fai precisa a definición e posta en marcha de programas específicos, no marco dun modelo de protección do sector marítimo-pesqueiro diferenciado por mor do seu carácter específico e integral.

4. No capítulo I do título I, ao delimitar o seu campo de aplicación, a Lei 47/2015 pon de manifesto o amplo alcance que para o réxime da Seguridade Social ten –segundo o antes exposto– a expresión «traballadores do mar», que atinxe non só a quen desempeña as súas funcións no mar, é dicir, a bordo de embarcacións ou buques, senón tamén a quen as realizan en terra; ademais, a norma alcanza tanto os traballadores por conta allea como os traballadores por conta propia ou autónomos.

Entre os traballadores por conta allea –os denominados traballadores dependentes ou asalariados, comprendidos no réxime especial da Seguridade Social– inclúense, segundo se infire do artigo 3, en primeiro lugar, as persoas traballadoras que exerzan unha actividade marítimo-pesqueira a bordo dunha embarcación, buque ou plataforma (*persoal de a bordo*), xa sexa persoal que figura no rol daquelas como técnico ou tripulante, xa sexa as enroladas como persoal de investigación, observadoras de pesca e persoal de seguridade. Entre as embarcacións que se menciona para tales efectos non figuran só as relacionadas coa mariña mercante ou a pesca, senón tamén embarcacións de tráfico interior dos portos ou as deportivas e de recreo, para alén de plataformas fixas ou outras instalacións ou artefactos susceptibles de permitiren a exploración ou explotación de recursos mariños, sobre o leito do mar, ancorados ou apoiados nel. Isto exclúe, como é lóxico, as instalacións dedicadas a outros fins, caso dos oleodutos, gasodutos, cables submarinos, emisarios submarinos e calquera outro tipo de tubaxes ou instalacións de carácter industrial ou de saneamento.

Un segundo grupo que cómpre citarmos é daqueles traballadores dependentes que, realizando o seu traballo no mar –en todo ou en parte–, non forman parte da tripulación

dunha embarcación. Entre eles, atópanse os traballadores dedicados á extracción de produtos do mar ou á acuicultura, malia que en relación con esta última actividade a incorporación é parcial, ao limitarse á desenvolvida na zona marítima e marítimo-terrestre, incluída a acuicultura en area e en lámina de auga, bancos cultivados, parques de cultivos, bateas e gaiolas; exclúense expresamente aquelas persoas que presten os seus servizos para empresas dedicadas á acuicultura na zona terrestre, como criadeiros, granxas mariñas e centros de investigación de cultivos mariños, así como as dedicadas á acuicultura en auga doce. Outra categoría encadrable neste apartado é a dos mergulladores, xa se dediquen á extracción de recursos mariños, xa se trate de mergulladores con titulación profesional en actividades industriais, incluída a docencia precisa para obter a devandita titulación; déixanse fóra os mergulladores con titulación deportivo-recreativa.

Tamén se inclúen entre os traballadores do mar, para estes efectos, os dedicados a actividades que poderían considerarse auxiliares das primeiras –moitas veces realizadas mesmo en terra– e relacionadas na súa maioría coa actividade pesqueira e portuaria, como as dos redeiros e redeiras, estibadores¹² e prácticos, alén dun longo elenco de traballadores que levan a cabo funcións de índole administrativa, técnica e de carácter subalterno en empresas marítimo-pesqueiras e de estiba portuaria, así como nas entidades de posta a disposición de persoas traballadoras a empresas titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías, sempre e cando desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito portuario, con independencia do carácter estatal ou autonómico do porto.

¹² En relación cos estibadores, a Lei 47/2015 especifica o concepto, precisión importante en canto se recolle con independencia da súa inclusión ou non como relación laboral especial. Así, a letra h) do artigo 3 dispón o seguinte:

Para os efectos do seu encadramento neste réxime especial só se considerarán como estibadores portuarios, con independencia da natureza especial ou común da súa relación laboral, aqueles que desenvolvan directamente as actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, obxecto de tráfico marítimo, que permitan a súa transferencia entre buques, ou entre estes e terra ou outros medios de transporte, que integran o servizo portuario de manipulación de mercadorías relacionadas no artigo 130 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, e independentemente do carácter estatal ou autonómico do porto.

En todo caso, os ditos estibadores portuarios deberán desenvolver as actividades sinaladas no parágrafo anterior como persoal dunha empresa titular da correspondente licenza do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autoprestación, así como das entidades de posta á disposición de persoas traballadoras ás ditas empresas.

Loxicamente, faise mención expresa das persoas traballadoras que desenvolven as devanditas actividades ao servizo das tradicionais confrarías de pescadores e as súas federacións, das cooperativas do mar, das organizacións sindicais do sector marítimo-pesqueiro e das asociacións de armadores.

5. Con todo, non se trata dunha enumeración pechada, toda vez que a lei deixa aberta a futura inclusión neste réxime especial doutros colectivos que, realizando unha actividade marítimo-pesqueira, sexan incluídos no réxime especial polo ministerio competente, que é arestora o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Malia non seren traballadores por conta allea no sentido estrito ou propio do termo, equipáranse estes¹³ aos administradores e conselleiros de sociedades de capital cando o desempeño do cargo comporte a realización das funcións de dirección e xerencia, polo cal serán retribuídos, ou ben pola súa condición de persoas traballadoras por conta da sociedade, sempre que non exerzan o control delas¹⁴ (a asimilación faise, neste caso, con exclusión da protección por desemprego e do Fondo de Garantía Salarial). Efectúase igual asimilación no tocante aos prácticos que para o desenvolvemento da actividade se constituísen en empresas titulares de licenza do servizo portuario de practicaxe¹⁵.

En consonancia coa noción ampla de traballador/a que se emprega no réxime da Seguridade Social fronte á súa máis estrita acepción xurídico-laboral, compréndense tamén no réxime especial da Seguridade Social os traballadores por conta propia ou autónomos que se dediquen ás mesmas actividades antes enumeradas, iso si, sempre que as realicen, como é lóxico, por conta propia, de forma habitual, persoal e directa, fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa e a título lucrativo¹⁶. No mesmo

¹³ Véxase o artigo 5 da Lei 47/2015.

¹⁴ O artigo 5 citado delimita o alcance dese control por remisión aos termos establecidos no apartado 1 da disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

¹⁵ Non obstante, en relación cos prácticos, o artigo 5 matiza que as devanditas entidades «terán a consideración de empresarios para os efectos deste réxime especial respecto dos prácticos de porto incluídos nelas e do resto do persoal ao seu servizo».

¹⁶ O artigo 4 da Lei 47/2015 menciona novamente (ao igual que o artigo 3, relativo aos traballadores por conta allea) as seguintes actividades:

a) Actividades marítimo-pesqueiras a bordo das embarcacións ou buques que se relacionan a continuación; tales persoas traballadoras ou armadores figurarán nos seus roles como técnicos ou tripulantes:

1.º De mariña mercante.

2.º De pesca marítima en calquera das súas modalidades.

grupo inclúense os familiares colaboradores do/a traballador/a por conta propia, consideración de que non goza calquera familiar, senón tan só o cónxuxe e os parentes por consanguinidade ou afinidade até o segundo grao inclusive dun traballador por conta propia dos antes mencionados, que ademais traballen con aquel nas súas explotacións de forma habitual, convivan co cabeza de familia e dependan economicamente del, salvo que se demostre a súa condición de asalariados¹⁷.

6. Con respecto ao colectivo de traballadores así delimitado, o réxime aplicable en materia de seguridade recolle particularidades que se poden sintetizar do modo que se expresa a continuación.

7. A súa entidade xestora. A protección social destes traballadores non se encomenda ao Instituto Nacional da Seguridade Social, senón ao Instituto Social da Mariña (ISM)¹⁸, que se configura como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, de ámbito nacional, que actúa baixo a dirección e tutela do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, adscrita á Secretaría de Estado da Seguridade Social e que ten como principais funcións as seguintes:

3.º De tráfico interior de portos.

4.º Deportivas e de recreo.

b) Acuicultura desenvolvida en zona marítima ou marítimo-terrestre.

c) Os mariscadores, percebeiros, recolletores de algas e análogos.

d) Mergulladores extractores de recursos mariños.

e) Mergulladores con titulación profesional en actividades industriais, incluíndo a actividade docente para a obtención da dita titulación. Quedan excluídos os mergulladores con titulacións deportivas-recreativas.

f) Redeiros e redeiras.

g) Prácticos de porto.

¹⁷ O precepto contén unha matización ou un requisito adicional para os únicos efectos de cotización, que consiste en que para ser considerado/a como familiar colaborador/a nos grupos segundo e terceiro de cotización a que se refireo artigo 10, será requisito imprescindible que se realice idéntica actividade que a persoa titular da explotación (artigo 4.2). Isto, á parte da excepción á territorialidade recollida no artigo 6, xa que se inclúen aquelas persoas traballadoras residentes en territorio español que, aínda que exerzan unha actividade por conta allea a bordo dun buque que enarbore o pavillón dun estado membro da Unión Europea ou dun estado con que España asinase un convenio bilateral ou multilateral de seguridade social en que se recolla a excepción ao principio de territorialidade, sexan remuneradas por unha empresa ou unha persoa que teña sede ou domicilio en España; e, tamén, as persoas traballadoras residentes en España que traballen en sociedades mixtas e empresas radicadas inscritas no rexistro oficial, aínda que neste caso habería que ver o que dispoñen os tratados internacionais que España subscribiu.

¹⁸ Para máis información pode consultarse a súa páxina web, co seguinte enderezo: <<https://goo.gl/FVUSj>>.

- a) A xestión, a administración e o recoñecemento do dereito ás prestacións do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.
- b) A inscrición de empresas; afiliación, altas e baixas de traballadores; recadación e control de cotizacións en colaboración coa Tesouraría Xeral.
- c) A asistencia sanitaria dos traballadores do mar e os seus beneficiarios dentro do territorio nacional.
- d) A asistencia sanitaria dos traballadores do mar a bordo e no estranxeiro, utilizando os seus propios medios, tales como o Centro Radio-Médico, o Banco de Datos, centros no estranxeiro, buques sanitarios e outros que poidan implantarse; ou acordando a evacuación e repatriación de traballadores enfermos ou accidentados.
- e) A información sanitaria aos traballadores do mar, a educación e a distribución da *Guía sanitaria a bordo*¹⁹; a práctica dos recoñecementos médicos previos ao embarque; a inspección e o control dos medios sanitarios e das condicións hixiénicas das embarcacións, e calquera outra función de medicina preventiva e educación sanitaria que lle poidan ser delegadas.
- f) A formación e promoción profesional dos traballadores do mar, así como a atención ao seu benestar a bordo ou en portos –nacionais ou estranxeiros– e ao das súas familias, en cumprimento da Recomendación 138 da Organización Internacional do Traballo.
- g) A promoción xunto co Instituto de Emprego e o Servizo Público de Emprego Estatal das accións que competen a este último cando se refiran aos traballadores do mar, tanto na xestión das prestacións de desemprego como no relativo á colocación da xente do mar, en cumprimento do Convenio 9 da Organización Internacional do Traballo.
- h) E, por último, a realización de estudos, informar ou propoñer proxectos de normas ou programas e participar na elaboración de convenios internacionais que afecten ao sector marítimo-pesqueiro.

8. A inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas no réxime especial de traballadores do mar. Aplícanse nesta materia, en todo o que non estea previsto con carácter específico pola Lei 47/2015, a Lei xeral da Seguridade Social (que é o Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro) e o Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, aínda vixente e referido á inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.

¹⁹ Póde consultarse a devandita guía no seguinte enderezo web: <<https://goo.gl/s3nf41>>.

Como requisito previo xeral a calquera réxime da Seguridade Social –conforme o artigo 5– establécese a obrigatoriedade da inscrición dos empresarios con anterioridade ao comezo dos servizos²⁰, para alén doutras comunicacións dos empresarios. Porque os empresarios, como requisito indispensable e previo ao inicio das súas actividades, deberán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a súa inscrición no correspondente réxime do sistema da Seguridade Social.

A lei que agora analizamos prevé²¹, ademais, que as embarcacións, as plataformas fixas, os artefactos e as instalacións mariñas en que se desenvolvan actividades marítimo-pesqueiras por parte de persoas incluídas no réxime especial, de ser o caso, deberán inscribirse no rexistro de embarcacións que para tal efecto levará a entidade xestora. Á súa vez, será requisito previo para tal inscrición, entre outros, a xustificación de ter inscrita e identificada a embarcación no correspondente rexistro, ordinario ou especial, de buques de titularidade do Ministerio de Fomento.

En calquera caso, non só se cobren as necesidades relativas ao comezo da actividade empresarial con esa inscrición²², senón que como cada embarcación ten a consideración dun centro de traballo, é preciso que se lle asigne un código de conta de cotización propio do cal se tomará razón no rexistro de empresarios oportuno, e que será anotado, así mesmo, no rol ou a licenza da embarcación; será esta conta de cotización a que se empregará con respecto aos seus traballadores. De feito, a xustificación de ter inscrita a empresa e identificada a embarcación no rexistro constituirá un requisito necesario para que a autoridade marítima competente autorice o seu despacho para saír ao mar; en caso contrario, denegárase. Para a súa proba é preciso que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña entreguen á empresa un documento acreditativo da súa presentación, e o mesmo ocorre no tocante aos requisitos de seguridade social dos propios interesados.

Non hai especialidades con respecto á afiliación e as altas, baixas e variacións de datos dos traballadores, porque se axustarán ao establecido con carácter xeral no Regulamento

²⁰ Sobre o particular pode verse, con maior extensión, BLASCO LAHOZ, J. F. (2014) *Derecho de la Seguridad Social*. Valencia, Tirant Lo Blanch, p. 207 e ss.

²¹ Véxase o seu artigo 7.

²² Véxase o artigo 48 do Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social. BOE n.º 50, do 27 de febreiro de 1996.

xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social; no entanto, reitéranse determinados aspectos sobre os que non deberían suscitarse dúbidas, como, por exemplo, o feito de indicar que as altas solicitadas polos autónomos non producen efectos retroactivos. De todas as formas, non pode perderse a perspectiva de que, aínda cando a idea de que os traballadores autónomos son os seus propios empresarios é a básica que preside toda a normativa do réxime especial de traballadores autónomos, para ser cualificado como traballador por conta propia non abonda con ser titular dunha empresa ou negocio, senón que é preciso que se realice o efectivo traballo, en sentido económico, de forma habitual e directa, sen que sexa obstáculo a utilización do servizo remunerado doutras persoas²³.

Ademais, ese número da Seguridade Social, ou, de ser o caso, o de afiliación á Seguridade Social, deberá facerse constar nos cadernos de inscrición marítima dos interesados, no caso de que sexan traballadores que presten servizos en embarcacións de calquera clase. Isto debe facerse porque a autoridade de Mariña o comprobará ao autorizar o enrolamento dos traballadores e que estes poidan prestar servizos na embarcación.

Outro aspecto que non supón ningunha especialidade refírese ao aseguramento, porque os traballadores autónomos (por conta propia) e os armadores (empresarios explotadores do buque) deben asegurar a súa propia protección fronte ás continxencias de accidentes de traballo e doenzas profesionais co Instituto Social da Mariña ou cunha mutua colaboradora da Seguridade Social mediante o correspondente documento de aseguramento; tamén, para o caso de contaren con empregados, deberán facelo como empresarios dos traballadores por conta allea que empreguen. Ademais, os autónomos están obrigados a concertar coa entidade xestora a protección das continxencias comúns e a cotizar pola continxencia de formación profesional.

9. A cotización dos traballadores do mar²⁴. Pode afirmarse que o sector carece de grandes modificacións canto á regra xeral no tocante á obriga de cotizar, de modo que no caso dos traballadores por conta propia ou autónomos eles mesmos estarán obrigados e serán responsables das achegas que integran a cota; mentres que no caso dos traballadores por conta allea, malia que son os empresarios os obrigados a ingresar as achegas pro-

²³ Véxase BLASCO LAHOZ, J. F. (2016) *El Régimen Especial de la Seguridad Social de los Trabajadores por Cuenta Propia o Autónomos*. Valencia, Tirant Lo Blanch, p. 40.

²⁴ Cfr. BLASCO LAHOZ, J. F. (2016) *op. cit.*

pías (continxencia profesional) e as correspondentes aos traballadores (continxencias comúns), poderán descontar a parte que a estes corresponda no momento de pagar a súa retribución. O que si fai o lexislador é incluír unha regra especial para a específica modalidade de retribución á parte, pois para tales supostos permíteselles aos empresarios deduciren a cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais do montemaior e o da parte correspondente aos traballadores no momento da repartición do montemenor²⁵.

As especificidades máis importantes no réxime especial de traballadores do mar concirnen á cotización e o que a rodea. Así, para os efectos da cotización e a correlativa acción protectora, os traballadores clasifícanse nos seguintes tres grupos de cotización:

a) O primeiro grupo abrangue as persoas traballadoras, por conta allea ou asimiladas, retribuídas a salario que realicen algunha das actividades que permiten a inclusión neste réxime especial; tamén os traballadores por conta propia que leven a cabo algunha das actividades enumeradas que permiten incluírse neste réxime como traballadores por conta allea, salvo que proceda a súa inclusión nalgún outro grupo; e, finalmente, tanto as persoas traballadoras por conta allea ou asimiladas como as persoas traballadoras por conta propia ou armadores, retribuídos á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións de máis de 150 toneladas de rexistro bruto (TRB)²⁶.

b) O segundo grupo subdivídese pola súa vez en dous:

– Un grupo A que se refire aos traballadores por conta allea e por conta propia ou armadores, retribuídos á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións comprendidas entre 50,01 e 150 TRB, enrolados nelas como técnicos ou tripulantes.

– Un grupo B formado polos traballadores por conta allea e por conta propia ou armadores, retribuídos á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións comprendidas entre 10,01 e 50 TRB, enrolados nelas como técnicos ou tripulantes.

²⁵ Sobre o sistema de retribución, pode lerse DE CASTRO MEJUTO, L. F. (2011) [en liña] «La retribución de la dotación en los barcos de pesca y su protección social. A propósito de la película *Capitanes intrépidos* (1937) de V. Fleming». Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/VtSM29>>.

²⁶ É o volume do buque entre o plan e a cuberta alta con todos os espazos cerrados sobre ela. Cfr. Convenio internacional do 23 de xuño de 1969, sobre arqueo de buques, feito en Londres. BOE n.º 221, do 15 de setembro de 1982.

c) O grupo terceiro comprende as persoas traballadoras por conta allea, retribuídas á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións que non excedan de 10 TRB, enroladas nelas como técnicas ou tripulantes; e, finalmente, as persoas traballadoras por conta propia como mariscadoras, percebeiras, recolledoras de algas e análogas, mergulladoras extractoras de recursos mariños, redeiras e armadoras que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións de até 10 TRB, que estean enroladas nelas en calidade de técnicas ou tripulantes.

Como logo se verá, estes dous últimos grupos beneficianse de coeficientes correctores, razón pola cal, e quizais como cautela, o lexislador matiza expresamente que para os efectos de poder quedar incluído/a neles como traballador/a por conta propia será preciso que os ingresos procedentes de tales actividades constitúan o medio fundamental de vida, aínda cando de forma ocasional –ou mesmo permanente– se realizasen outros traballos non especificamente marítimo-pesqueiros determinantes ou non da súa inclusión en calquera outro dos réximes do sistema da Seguridade Social. Doutra parte, o sistema de retribución adoptado, a salario ou á parte, vinculará por igual a todos os membros da tripulación, incluídos os armadores.

A base de cotización²⁷ engloba as remuneracións efectivamente percibidas, as cales se computarán conforme as regras do réxime xeral da Seguridade Social²⁸, coa salvidade dalgunhas peculiaridades referidas de xeito exclusivo aos traballadores incluídos nos mencionados grupos segundo e terceiro, respecto dos cales se considerarán retribucións efectivamente percibidas as fixadas cada ano por orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, logo de oír as organizacións sindicais e empresariais representativas, as confrarías de pescadores e as organizacións de produtores pesqueiros. Tales bases de cotización serán únicas e non poderán ser inferiores ás bases mínimas establecidas en cada exercicio para as distintas categorías profesionais no réxime xeral da Seguridade Social.

En relación con estes mesmos grupos, a base de cotización será minorada como consecuencia da aplicación dos correspondentes coeficientes correctores que recolle a lei²⁹. Para tales efectos, prevese un coeficiente de 2/3 para o grupo segundo A; de 1/2 para o grupo segundo B; e de 1/3 para o grupo terceiro.

²⁷ Véxase o artigo 9 da Lei 47/2015.

²⁸ Véxase o artigo 141 e seguintes da Lei xeral da Seguridade Social.

²⁹ Véxase o artigo 11 da Lei 47/2015.

Co fin de clarificar o uso ou a aplicación destes coeficientes, dispónse que se aplicarán tanto á base de cotización por continxencias comúns como á do desemprego e o cesamento de actividade, e que non se terán en conta á hora de fixar as bases reguladoras das prestacións que causan os traballadores incluídos nos grupos beneficiados por tales coeficientes. De igual maneira, como ocorre tamén con respecto a outro tipo de bonificacións no ámbito da Seguridade Social, conságrase aquí, como regra xeral, a incompatibilidade dos coeficientes correctores con calquera outra redución ou bonificación na cotización.

Finalmente, cómpre indicarmos que os empresarios incluídos neste réxime deberán comunicarlle á Tesouraría, en cada período de liquidación, o importe dos conceptos retributivos aboados aos seus traballadores, con independencia da súa inclusión ou non na base de cotización e aínda que resulten de aplicación bases únicas; e que a Tesouraría conta coa colaboración do Instituto Social da Mariña no desempeño da función recadatoria no ámbito do referido réxime especial, mentres que no demais relativo á xestión recadatoria se aplicarán as regras xerais.

10. Para rematarmos, sería preciso referir, de maneira sucinta, cales son as especialidades en materia de prestacións no réxime especial de traballadores do mar³⁰:

a) Incapacidade temporal: a prestación económica por incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral e de accidente de traballo ou enfermidade profesional outorgarase neste réxime nos mesmos termos e condicións que no réxime xeral ou, de ser o caso, no réxime especial dos traballadores autónomos. Ora ben, para os grupos segundo e terceiro (traballadores por conta allea) dispónse que se aboará na modalidade de pagamento directo por parte da aseguradora.

b) Maternidade e paternidade: ídem que a prestación anterior; non existen especialidades con respecto ao réxime xeral ou ao de autónomos.

c) Risco durante o embarazo e risco durante a lactancia natural: ídem que as anteriores, porque as prestacións derivadas de ambos os riscos se recoñecen cos mesmos requisitos e nas mesmas condicións que para o réxime xeral e o especial de autónomos.

Porén, para os efectos delas, exclúese como situación protexida a derivada de riscos ou patoloxías que poidan influír negativamente na saúde da traballadora ou na do feto, cando non estea relacionada con axentes, procedementos ou condicións de traballo

³⁰ Véxanse os artigos do 23 ao 34 da Lei 47/2015.

da actividade desempeñada, determinante da súa inclusión no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar (artigo 27.1 da Lei 47/2015).

d) Incapacidade permanente: ídem que as anteriores, porque a prestación económica por incapacidade permanente outorgada por este réxime especial se rexerá polas normas establecidas para o réxime xeral ou, de ser o caso, o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Ademais, as pensións de incapacidade permanente nos graos de incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou grande invalidez, derivadas de continxencias comúns, poderán causarse aínda que os interesados non se encontren no momento do feito causante de alta ou nunha situación asimilada á de alta, en cuxo caso se aplicará o establecido no parágrafo segundo do artigo 138.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social respecto ao período de cotización. Porén, non procederá o recoñecemento do dereito á prestación de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns cando a persoa beneficiaria, na data do feito causante, alcance a idade para acceder á xubilación ordinaria con ou sen a aplicación de coeficientes redutores.

e) Xubilación: tampouco neste campo hai especialidades, porque a prestación económica de xubilación neste réxime especial será única para cada persoa beneficiaria e consistirá nunha pensión que lle será recoñecida nas mesmas condicións, contía e forma que a establecida na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do de autónomos.

A idade para acceder a esta prestación será a establecida no réxime xeral, mais poderá ser rebaixada mediante a aplicación de coeficientes redutores –aos cales xa se fixo referencia– naquelas actividades profesionais de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre en que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como naquelas outras cuxa realización implique unha continua separación do fogar e afastamento familiar. Os coeficientes redutores aplicaráselle ao tempo efectivamente ocupado en cada unha das actividades. Os citados coeficientes redutores son os establecidos no Real decreto 1311/2007, do 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

No entanto, establécese un máximo, porque o período de tempo en que resulte rebaixada a idade de xubilación da persoa traballadora pola aplicación dos coeficientes redutores a que se refire o apartado anterior non poderá ser superior a dez anos e computarase como cotizado para o exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable para calcular o importe da pensión, sen que en ningún caso a devandita porcentaxe poida ser superior

á que se aplicaríase de continuar traballando até a idade ordinaria de xubilación que en cada caso lle correspondese á persoa traballadora.

f) Morte e supervivencia: como no suposto do réxime xeral, para o caso de morte pode outorgarse algunha das seguintes prestacións: auxilio por defunción; pensión vitalicia de viuvez; prestación temporal de viuvez; pensión de orfandade; pensión vitalicia en favor de familiares ou, de ser caso, un subsidio temporal; e, finalmente, indemnización especial a tanto alzado en caso de accidente de traballo ou doenza profesional. No tocante a estas prestacións tamén serán aplicables as normas previstas no réxime xeral ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos para cada unha de elas.

g) Prestacións por cesamento de actividade: tamén as persoas traballadoras por conta propia encadradas neste réxime poderán ser beneficiarias das prestacións por cesamento de actividade nos mesmos termos e condicións, e cos mesmos requisitos, previstos para as persoas traballadoras autónomas; con todo, debido ás condicións especiais do traballo marítimo-pesqueiro, son precisos algúns criterios específicos. Ademais, a base reguladora desta prestación calcularase sobre a totalidade da base de cotización por esta continxencia, sen aplicación dos coeficientes correctores de cotización.

Os períodos de veda obrigatoria aprobados pola autoridade competente non se terán en conta para o cómputo dos doce meses continuados e inmediatamente anteriores á situación legal de cesamento de actividade, sempre e cando neses períodos de veda non se percibise a prestación por cesamento de actividade.

